

sinatura electrónica

GUÍA PRÁCTICA DA **SINATURA ELECTRÓNICA** E A SÚA APLICABILIDADE NA EMPRESA

A Sinatura Electrónica e as súas aplicacións



Índice

	Pág.
Presentación.....	5
1. Introducción a sinatura electrónica.....	6
2. Qué é a sinatura electrónica.....	7
3. Qué é o certificado electrónico?	9
4. Como se solicita un certificado electrónico?.....	10
5. Lexislación Aplicable.....	14
6. Aspectos técnicos.....	17
A Factura Electrónica.....	20
Implantación da factura electrónica.....	24
Outras aplicacións da sinatura electrónica.....	27

O Instituto Tecnolóxico

de Galicia, fundación privada sen ánimo de lucro, declarada de interese galego pola Xunta de Galicia, ten como obxecto fundacional contribuír eficazmente ao progreso tecnolóxico, á innovación e á competitividade das pequenas e medianas empresas da Comunidade Autónoma de Galicia a través de todas as súas manifestacións e actividades.

A **Lei 59/2003**, do 19 de decembro, **de sinatura electrónica** promove o desenvolvemento da sociedade da información, difundindo as vantaxes que dela se derivan e fomentando a confianza da cidadanía nas comunicacións telemáticas; por iso, ve a luz a presente *Guía práctica da sinatura electrónica e a súa aplicabilidade na empresa*, grazas ao apoio da **Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia**, que pretende a divulgación e o coñecemento desta tecnoloxía e das vantaxes competitivas que a súa implantación lles pode achegar ás empresas, a través da presentación de casos prácticos, especialmente dos referidos á **facturación telemática (ou e-factura)**, e que se dirixe a todas as empresas de calquera tamaño e sector de actividade —industrial ou comercial, bens ou servizos— de Galicia.



1 Introducción á sinatura electrónica

Imaxina

- *aforrar ata o 40% dos custos xerados polo envío e a recepción de facturas?*
- *realizar trámites coa Administración sen realizar ningún desprazamento?*
- *identificar a unha persoa sen a ver?*
- *realizar comunicacións seguras con total confianza?*

Todo iso, é posible grazas á **aplicación da sinatura electrónica**.

Nos últimos anos, o desenvolvemento das tecnoloxías da información e das comunicacións permitiunos comunicarnos, recadar información, realizar transaccións, etc. A diferenza do mundo físico, no virtual temos a dúbida de quen é a outra persoa coa que nos comunicamos e como podemos identificar un terceiro dunha maneira certa. Isto xa é posible grazas á sinatura electrónica, que nos

ofrece unha serie de garantías para equiparar as transaccións telemáticas ás tradicionais, como:

- **Autenticidade** – Permítelle ao receptor saber quen é o que asina e quen di ser. Garante a identidade do asinante.
- **Integridade** – Permite garantir que a mensaxe non foi alterada durante a transmisión.
- **Non repudio** – Ningunha das partes pode negar a sinatura dun documento que asinara anteriormente.

2 Que é a sinatura electrónica?

Que é a sinatura electrónica?

A **sinatura electrónica** é o conxunto de datos en forma electrónica, consignados xunto a outros ou asociados con eles, que poden ser utilizados como medio de identificación do asinante. (*Art. 3.1, Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica*).

Que é a sinatura electrónica avanzada?

A **sinatura electrónica avanzada** é a sinatura electrónica que permite identificar o asinante e detectar calquera mudanza ulterior dos datos asinados, que está vinculada ao asinante de maneira única e aos datos a que se refire e que foron creados por medios que o asinante poida manter baixo o seu exclusivo control. (*Art. 3.2, Lei 59/2003*).

Que é a sinatura electrónica recoñecida?

Considérase **sinatura electrónica recoñecida**, a sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido e xerada mediante un

dispositivo seguro de creación da sinatura. A sinatura electrónica recoñecida terá respecto dos datos consignados en forma electrónica o mesmo valor que a sinatura manuscrita en relación cos consignados en papel. (*Art. 3.3, Lei 59/2003*).

Que é o documento electrónico?

Considérase **documento electrónico**, aquel documento redactado en soporte electrónico que incorpore datos que están asinados de maneira electrónica. (*Art. 3.6 da Lei 59/2003*).

Que é a data electrónica?

É o conxunto de datos en forma electrónica empregados como medio para constatar o momento no cal se ten efectuado unha actuación sobre outros datos electrónicos a que están asociados. (*Art. 4.1, Lei 59/2003*).

Sinatura electrónica vs. sinatura dixital

A sinatura dixital é unha parte da sinatura electrónica e que se refire exclusivamente ao seu aspecto máis técnico.

A sinatura electrónica pode ser creada por diferentes métodos, un número PIN, contrasinal, etc.; en cambio, o termo sinatura dixital é máis específico, xa que consiste no emprego dunha tecnoloxía específica por medio da utilización da clave pública e da clave privada.

3 Que é o certificado electrónico?

O **CERTIFICADO ELECTRÓNICO** é un documento asinado de maneira electrónica por un provedor de servizos de certificación que vincula uns datos de verificación da sinatura a un asinante e confirma a súa identidade. *(Art. 6, Lei 59/2003, do 19 de decembro).*

É posible dispor dunha sinatura electrónica, mais iso non garante a autenticación do asinante. É por iso que se crea o certificado electrónico. Un provedor de servizos de certificación é aquel que nos garante que o que asina o documento é quen di ser.

Quen son os provedores de servizos de certificación?

É a persoa física ou xurídica que expide certificados electrónicos ou fornece outros servizos en relación coa sinatura electrónica.

O fornecemento dos servizos de certificación non está suxeito a autorización previa e realízase en réxime de libre competencia.

Os provedores de servizos de certificación que expidan certificados recoñecidos deberán constituír un seguro de responsabilidade civil por importe de, cando menos, 3.000.000 de euros.

Que datos contén o certificado electrónico?

O certificado electrónico deberá conter os seguintes datos:

- Un código identificativo único
- A identificación e enderezo de quen expide o certificado
- A sinatura electrónica avanzada de quen expide o certificado
- A identificación do asinante
- O comezo e fin da validez do certificado
- Os límites de uso do certificado, de existiren

4 Como se solicita un certificado electrónico?

Para SOLICITAR O CERTIFICADO ELECTRÓNICO, debe acudir a unha entidade certificadora; na páxina web do **Ministerio de Industria, Turismo e Comercio**, no apartado da **Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información**, onde está accesible a listaxe de entidades recoñecidas como entidades certificadoras.

<http://www.mityc.es/dgdsi/default.htm>

AC ABOGACIA	www.acabogacia.org
ANCERT	www.ancert.com
ANF AC	www.anf.es
AC Comunitat Valencià	www.accv.es
BANESTO CA	www.banesto.es
CAMERFIRMA	www.camerfirma.com
CERES Fábrica Nacional	www.cert.fnmt.es
CICCP Colegio de ingenieros	www.ciccp.es
FIRMA PROFESIONAL	www.firmaprofesional.com
IZENPE	www.izenpe.com

**Entidades certificadoras acreditadas a novembro 2005*

Tipos de certificados

Existen dous tipos de certificados, os **certificados de persoas físicas e os certificados de persoas xurídicas**. Desta maneira é posible certificarnos persoalmente, certificar un documento asinado pola empresa, asinar un documento en calidade de director dunha empresa, etc.

Certificado servidor seguro: certifica que un determinado dominio foi rexistrado a nome dunha entidade no certificado, e ademais, coa utilización do protocolo SSL, garante que a comunicación entre o cliente e o servidor é totalmente confidencial.

Membro dunha empresa: o certificado dixital de pertenza a unha empresa garante a identidade da persoa física titular do certificado, así como a súa vinculación a unha determinada entidade en virtude do cargo que ocupa nesta. Este certificado non lle outorgará por si mesmo maiores facultades ao seu titular que as que posúa polo desempeño da súa actividade cotiá.

Como se obtén un certificado de persoa física?

Se queremos obter un certificado persoal, por exemplo para presentar a declaración da renda, debemos acudir a unha entidade certificadora*, en posesión do DNI.

Como se obtén un certificado de persoa xurídica?

Para obter este certificado debemos levar de xeito presencial o noso DNI e ademais un certificado do rexistro mercantil, onde se indique que esta persoa ten poder suficiente para representar a entidade, e o CIF da empresa ou entidade.

“Poderán solicitar certificados electrónicos de persoas xurídicas os seus administradores, representantes legais e voluntarios con poder bastante para estes efectos.”

Que duración ten o certificado?

Un certificado ten unha vixencia determinada, establecida en x anos; unha vez transcorrido ese prazo, hai que realizar a renovación do certificado.

Como se revoga un certificado?

Os certificados poden ser revogados: supoñamos o certificado dun representante dunha empresa que se desvincula dela e en consecuencia perde os seus poderes, o certificado ten, polo tanto, que poder ser revogado.

Cada vez que se utiliza o certificado, compróbase que este está vixente e que non foi revogado.

Esquema de solicitude dun certificado de persoa xurídica

A solicitude dun certificado de persoa xurídica pódese realizar seguindo os pasos que a continuación se presentan:

SELECCIONAR UNHA ENTIDADE CERTIFICADORA	SOLICITUDE EN LIÑA-VÍA POR INTERNET	IDENTIFICARSE FÍSICAMENTE NUNHA ENTIDADE-ACREDITACIÓN DA IDENTIDADE NUNHA OFICINA DE REXISTRO	DESCARGAR EN LIÑA O CERTIFICADO
<p>O Ministerio de Industria publica a listaxe de todas as entidades certificadoras existentes. Só ten que elixir unha delas.</p>	<p>Na páxina web a entidade certificadora ten que dar de alta unha serie de datos e identificar o seu PC e navegador. Daranlle un número de referencia.</p>	<p>Co número de referencia e a documentación necesaria, segundo se trate dun <i>certificado persoal</i> ou dun <i>certificado da empresa ou entidade</i>, deberá identificarse nunha entidade indicada.</p>	<p>Unha vez identificado, poderá descargarse na páxina web o certificado dixital.</p>

Vantaxes

Todas as empresas precisan cambiar información dunha maneira rápida, precisa e segura, tanto interna como externamente. A realización destas operacións de maneira electrónica en vez da utilización de papel, leva consigo unha serie de vantaxes:

- A información chega de maneira instantánea, independentemente da distancia.
- O custo de envío virtualmente é cero —afórrase o custo de envío postal, fax, papel, etc.—
- A información pode ser enviada directamente dun individuo a outro sen necesidade dun intermediario.
- A información non pode ser alterada, eliminándose o risco que existe, como é o caso da transmisión por fax.

- A necesidade de volver a introducir os datos en soporte informático desaparece no caso da sinatura electrónica, integrándose no caso da factura electrónica.
- Efectúase un rexistro automático do que cada un enviou, a quen, e o que.

Nos intercambios electrónicos, especialmente cando existen partes externas, pode parecer que nos atopamos ante unha falta de lexitimidade, xa que non existe a sinatura manuscrita nin a tinta. A **sinatura electrónica** vén solucionar estas carencias, garantindo a confidencialidade e todos os beneficios que as transaccións electrónicas lle proporcionan á empresa.

5 Lexislación aplicable

Sinatura electrónica

- **Lei 59/2003, de sinatura electrónica:** regula a sinatura electrónica, a súa eficacia xurídica e o fornecemento de servizos de certificación.
- **Directiva 1999/93/CE** do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 1999, pola cal se establece un marco comunitario para a sinatura electrónica.

Factura electrónica

- **Real decreto 1496/2003,** Regulamento sobre obrigas de facturación e de modificación do Regulamento do IVE (Real decreto 1624/2002), transposición da Directiva 2001/115/CE sobre facturación en relación co IVE.


- **Real decreto 2402/1985,** deber de expedir e entregar factura, derogado por RD 1496/2003, con excepción do art. 9bis.
- **Real decreto 87/2005,** de modificación do Real decreto 1496/2003, permite a expedición de facturas substitutivas rectificativas con importes negativos.
- **Orde ministerial HAC/3134/2002,** sobre un novo réxime de facturación telemática, desenvolvemento do réxime de facturación telemática de art. 88 L. IVE e art. 9bis Real decreto 2402/1985.
- **Resolución 2/2003 de 14 febreiro,** do director da Axencia Estatal da Administración Tributaria sobre determinados aspectos relacionados coa facturación telemática.

Legislación autonómica

- **Orde do 25 de novembro de 2004** pola cal se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Economía e Facenda e os seus organismos e entidades adscritas.
- **Decreto 164/2005**, do 16 de xuño, polo que se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia.

↪ **Máis información:**

<http://www2.mityc.es/DGDSI/Servicios/FirmaElectronica/Legislacion/>



6. Aspectos técnicos

A criptografía

O termo Criptografía ten a súa orixe no termo grego *Kryptos gráphein*, que significa “escrita agochada”.

TEXTO + ALGORITMO = CRIPTOGRAMA

(mañá ás 5) + (Trocamos cada letra pola seguinte do abecedario: así o A sería o B)

= **nblb bt 6** que sería o CRIPTOGRAMA.

Deste xeito, conseguimos cifrar unha mensaxe, mais sería facilmente descifrábel por alguén: axiña sabería que, substituíndo cada letra pola anterior do abecedario, tería a mensaxe orixinal.


Existen dous tipos de criptografías:

Criptografía simétrica: Na cal se emprega unha mesma clave tanto para cifrar como para descifrar, é o caso do exemplo que acabamos de ver. Os algoritmos que se están a empregar con máis frecuencia son: DES, IDEA, AES e 3DES.

Criptografía asimétrica: Tamén chamados de clave pública, e que empregan unha dobre clave: existe unha clave pública (que podemos dar a coñecer) e unha clave privada (que manteremos en segredo).

Máis información:

- <http://www.ccn.cni.es/>
Centro Criptolóxico Nacional
- <http://www.iec.csic.es/criptonomicon/>
Criptografía y Seguridad en Internet CSIC
- <http://www.criptored.upm.es/>
Criptored. Universidad Politécnica de Madrid



- ↪ *Alicia qu'érelle enviar unha mensaxe a Bieito.*
- ↪ *Esta mensaxe pode ser enviada por medio dunha sinatura electrónica, pero debe existir un terceiro que nos garanta que Alicia é Alicia e non outra persoa, e que Bieito é quen di ser.*
- ↪ *Este terceiro vai ser a autoridade certificadora.*

Autoridade certificadora



Como funciona a sinatura dixital?

Como xa vimos, a diferenza entre sinatura electrónica e sinatura dixital consiste en que a sinatura electrónica é un concepto máis xenérico, mentres que a sinatura dixital pode considerarse o aspecto técnico da sinatura electrónica. A sinatura dixital é un tipo de tecnoloxía específica da sinatura electrónica baseada na infraestrutura de clave pública (PKI).

A PKI (*Public Key Infrastructure*) é unha infraestrutura de clave pública que está formada polo *software* e *hardware* e mais os procedementos empregados para o intercambio de claves.

A tecnoloxía PKI baséase na utilización por parte dos usuarios dunha clave pública e outra privada: a pública pode ser coñecida polos demais e serve para enviar; a privada permanece en segredo e só a coñece o usuario.

Na realización da PKI, interveñen os seguintes axentes:

- **Unha autoridade de certificación:** autoridade que emite certificados dixitais, asinándoos coa súa clave privada.
- **Unha autoridade de rexistro:** autoridade delegada pola autoridade de certificación para a comprobación dos datos dos solicitantes dun certificado dixital.
- **Un repositorio:** pode ser un almacén de información, unha base de datos ou un directorio.
- **Una autoridade de validación:** autoridade de confianza que ofrece validacións de certificados dixitais emitidos por diferentes autoridades de certificación.

Máis información:

- <http://www.wikipedia.org/>
- <http://www.pki-page.org/>
- <http://www.iec.csic.es/criptonomicon/susurros/susurros11.html>

A FACTURA ELECTRÓNICA

A FACTURA ELECTRÓNICA

⇒ *Que é a factura electrónica?*

Unha factura electrónica é un documento co mesmo contido que a factura tradicional, mais representada en formato dixital en lugar do formato de papel.

A factura electrónica ten unhas vantaxes e unhas condicións de seguridade non observadas na factura de papel.

⇒ *Vantaxes*

A realización do proceso de facturación tradicional require:

- Preparación da factura e impresión
- Envío da factura
- Recepción da factura, introdución de datos
- Conservación da factura en papel

Coa facturación electrónica acádanse as seguintes vantaxes:

- Non é imprescindible a impresión da factura

- A factura pode ser enviada telematicamente, por correo electrónico, etc.
- A recepción da factura é automática
- A conservación da factura faise en formato dixital

Polo tanto:

- Aforramos o custo de envío da factura
- Aforramos tempo na introdución dos datos
- Aforramos no espazo físico onde se almacenan as facturas

AFORRO ATA DO 40% DOS CUSTOS ACTUAIS

⇒ *Son válidas as facturas electrónicas?*

As seguintes normas, xunto con outras regulamentacións xenéricas, conforman o núcleo xurídico actual e proporcionanlle a base legal necesaria á factura electrónica:

- *Orde HAC/3134/2002, do 5 de decembro.*

- *Resolución 2/2003, do 14 de febreiro, do director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
- *Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.*

⇒ *Quen pode facer a facturación electrónica?*

Calquera entidade física ou xurídica obrigada a expedir facturas pode optar pola modalidade de facturación electrónica.

Os sistemas de factura electrónica non son, polo tanto, un ámbito exclusivo das grandes compañías, senón que son perfectamente aplicables ás pequenas e medianas empresas e mais aos profesionais.

⇒ *Que se precisa para poder facer a facturación electrónica?*

Requirimentos para o **emisor**:

- o Ter o consentimento previo do receptor das facturas. (*Lei 37/1992, do IVE*).

- o Garantir a autenticidade da orixe e a integridade das facturas: isto é posible grazas aos certificados dixitais que obtiveron o recoñecemento expreso da AEAT.
- o Almacenar as facturas dixitalmente, tal e como foron enviadas, incluíndo a factura e a sinatura electrónica desta
- o Fornecerlle ao receptor o *software* axeitado.

Requirimentos para o **receptor**:

- o Dispor do *software* axeitado para a validación da factura, dependendo do formato de xeración.
- o Almacenar as facturas recibidas dixitalmente (factura e sinatura).

⇒ *Como podo facelo?*

- ↪ **Admítese calquera formato de factura**→ (doc, xml, pdf, html, txt, etc.) sempre que respecte o contido legal esixible a calquera factura (nome, CIF, importe, etc.) e que se teñan en consideración os requirimentos anteriores. A mellor solución dependerá do tipo de empresa e volume de facturas emitidas.
- **Autónomo/pequena empresa:** para a realización dun número escaso de facturas, estas poden levarse a cabo por medio de PDF Reader de Acrobat que, igualmente que Microsoft XP Office, por medio de Word, nos permiten engadirlle a calquera documento a sinatura electrónica, e, no momento en que se altere o documento, a sinatura desaparece.
 - **Mediana empresa:** no caso de o número de facturas emitidas diariamente supere as 50, é necesaria a utilización doutros medios para a emisión de facturas electrónicas, podendo utilizar a Web e tamén a emisión de facturas en formato /XML.

- **Grande empresa:** tradicionalmente a grande empresa xa viña utilizando o intercambio de datos electrónicos (EDI, Electronic Data Interchange); agora xa hai máis de 3.000 empresas en España que traballan con EDI ou que se veñen de sumar ultimamente á integración da factura electrónica nos sistemas de información das empresas, ERP, etc. utilizando para iso a linguaxe XML.

⇒ *A factura electrónica pode imprimirse ou pode pasar a formato de papel?*

A factura electrónica pódese imprimir, e, para que teña validez, deberase imprimir coas marcas gráficas de autenticación (PDF 417).

⇒ *Como se debe conservar a factura electrónica?*

Para conservar as facturas electrónicas, estas deben gardarse de xeito que se poida garantir o acceso a eles por parte da Administración tributaria sen demora (**Art. 20–23 do Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, por que se regulan as obrigas de facturación**).

IMPLANTACIÓN DA FACTURA ELECTRÓNICA

⇒ Como se pode facer a facturación electrónica?

Acabamos de ver como con ACROBAT, ou WORD de MICROSOFT OFFICE, podemos asinar un documento co noso certificado e, polo tanto, tamén facturas.

Mais, se conseguimos integrar a factura electrónica no noso sistema de xestión, contabilidade ou ERP, acadaremos un maior aforro. Só sería necesario validar a factura que nos envíen.

Para a integración, unha das solucións sería formar parte dunha plataforma para converxer os datos dos sistemas de xestión de diferentes empresas.

A linguaxe empregada para o intercambio de datos pode ser XML (*eXtensible Markup Language*). Esta linguaxe permítenos diálogo entre dous programas que empreguen diferentes linguaxes que sexan incompatibles.

⇒ Caso real de implantación

Agora imos ver un caso real de implementación da Facturación Electrónica integrada nos sistemas de xestión de dúas empresas galegas:



ALFAYA SUMINISTROS, S.L.

Empresa galega adicada ao comercio ao por maior do sector da ferraxaría.



PREME (MANUEL GARCÍA LÓPEZ E HIJOS, SL)

Empresa galega adicada á fabricación de produtos mecánicos de deseño propio e alta calidade para a construción, como elevadores, xeradores, hidrolimpadoras etc.

As empresas empregan os seguintes programas e linguaxes de programación:

- **Alfaya Suministros, S.L.**
MoosERP, linguaxe Visual Dataflex
- **Preme (MANUEL GARCÍA LÓPEZ E HIJOS, SL)**
Programa de xestión Gescom/400, linguaxe Delphi

A empresa colaboradora ponse en contacto coas empresas informáticas dos seus clientes. En función do programa que empreguen e a linguaxe de programación, facilítanlles unhas API (pequenas aplicacións) para que se conecten coas plataformas de diferentes formas.

Integración coas plataformas de conectividade.

Existen diferentes modos de integración entre as plataformas de conectividade e o sistema de xestión do cliente para que falen entre si, realicen pedimentos de información e reciban as respostas a esas solicitudes.

⇒ *Métodos HTTPS*

As plataformas de conectividade dispoñen dunha serie de funcións accesibles mediante o emprego do protocolo HTTPS (en liña). A execución dos procesos baséase no envío de datos a través de métodos GET e POST do protocolo HTTPS. O resultado destas peticións HTTPS devólvese en formato XML para permitir un control da información, para que sexa utilizada da forma que máis se adapte a quen solicitou a información.

É este o método aplicado polas empresas Alfaya e Preme.

⇒ *Métodos SOAP*

SOAP é un estándar para a invocación de servizos remotos, baseado en protocolos estándares de Internet para a transmisión (HTTP, SNMP, FTP...) e XML para a codificación de datos. Execútase en liña e é independente da plataforma, linguaxe de desenvolvemento e implantación empregada.

⇒ *FTP*

Existe unha posibilidade de comunicación bidireccional vía FTP por medio da cal o usuario pode realizar operacións na plataforma deixando un ficheiro con determinada información nunha conta FTP. Esta información será recollida e procesada posteriormente polo sistema.

Como resultado da operación, o sistema deixará un ficheiro de resultados na conta FTP anteriormente empregada.

Formatos dos ficheiros

Os principais formatos de ficheiros propostos para a integración son:

- XML
- ASCII
- EDI
 - D.96A
 - D. 93^a



Caso práctico elaborado coa colaboración de:

TLR Soft, empresa especializada na prestación de servizos para a transmisión de información e datos entre as empresas.

www.tlrsoft.com

OUTRAS APLICACIÓNS DA SINATURA ELECTRÓNICA

XUNTA DE GALICIA-ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

⇒ *A Administración electrónica*

A Administración electrónica supón a posibilidade de realizar trámites administrativos dunha maneira virtual ou telemática.

Existen diferentes programas, tanto no ámbito europeo como estatal, para promover a Administración electrónica.

Para a realización destes servizos emprégase o certificado dixital, proporcionando a seguridade nas transaccións telemáticas.

A Consellería de Innovación e Industria permite tramitar, nos últimos anos, as axudas en materia de innovación e tecnoloxías da información de maneira telemática.

⇒ *Servizos sen certificado dixital*

A Xunta de Galicia dispón duns servizos que poden ser realizados de maneira telemática, evitando os

desprazamentos e fomentando a Administración electrónica e o aforro de custos para os usuarios.

Entre os servizos dispoñibles sen certificado están os seguintes:

- Cubrir electronicamente as solicitudes
- Consulta do estado de expedientes administrativos
- Publicación electrónica de rexistros administrativos
- Consulta de contratación administrativa
- Consulta de establecementos de acuicultura mariña
- Rexistro de Investigadores de Galicia (RIGA)
 - Xestión informatizada da investigación científica e tecnolóxica de Galicia

⇒ *Servizos con certificado dixital*

- Información xeral sobre os servizos baseados en certificados dixitais.
- Rexistro Telemático da Xunta de Galicia. Tramitación electrónica.
- Servizo de inserción de anuncios no *Diario Oficial de Galicia*.

- Licitación electrónica. Presentación de ofertas e consulta de situación.
- Consulta dos expedientes iniciados na Xunta de Galicia.
- Consulta do rexistro de contratistas da Xunta de Galicia.

⇒ *A Oficina Virtual Tributaria*

A Oficina Virtual Tributaria é un proxecto da Consellería de Economía e Facenda que nos permite, entre outras posibilidades, realizar:

- Avaliacións
- Consulta de expedientes

Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia

⇒ *Máis información:*

Xunta de Galicia. Administración electrónica – Rexistro Telemático.

<http://www.xunta.es/adm/eadm/index.htm>

Consellería de Innovación e Industria.

<http://www.conselleriaciic.org/>

Oficina Virtual Tributaria.

<http://www.cixtec.es/>

O DNI ELECTRÓNICO

⇒ *Que é o DNI electrónico?*



O DNI electrónico é o documento nacional de identidade, que acredita de maneira electrónica a identidade do seu titular e permite a sinatura electrónica de documentos.

Todas as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, recoñecerán a eficacia do documento nacional de identidade electrónico para acreditar a identidade e os demais datos persoais do titular que consten nel, e para acreditar a entidade do asinante e a integridade dos documentos asinados cos dispositivos de sinatura electrónica nel incluídos.

⇒ *Desenvolvemento*

A Dirección Xeral de Patrimonio do Estado vén de lle adxudicar á Unión Temporal de Empresas UTE, formada por Telefónica, Indra e Software AG a definición e desenvolvemento do documento nacional de identidade electrónico español.

⇒ *Vantaxes para o cidadán*

Unha das novidades do novo DNI electrónico para o cidadán é que se poderá expedir dun xeito inmediato, de maneira que a solicitude e a recepción do documento son feitas nun só acto en calquera dos 350 centros de emisión.

Para conseguir este obxectivo, os puntos de emisión estarán equipados con sistemas de captura que permitan tramitar de forma áxil a solicitude, a sinatura do cidadán (tanto tradicional como electrónica), a impresión dixital e a súa fotografía. Unha vez capturada a información, o sistema envía a información á base de datos central, que autoriza a emisión do documento. Esta comprobación faise no momento e permite imprimir inmediatamente o DNI dotado cun microprocesador de alta seguridade.

Ademais, o DNI electrónico facilitará:

- Axilización dos trámites administrativos, sen ter que presentar documentos cos que xa conta a propia Administración.
- Novos servizos avanzados de e-Administración, como acceso ao rexistro civil, partidas de nacemento, etc.
- Comercio electrónico seguro, grazas ao certificado de sinatura electrónica incorporado ao microprocesador de alta seguridade.

⇒ *Servizos con certificado dixital*

O lanzamento deste proxecto **está previsto para principios do 2006.**

Para a utilización do DNI, será necesario un lector de tarxetas conectado ao computador cun prezo aproximado de 20 euros.

⇒ *Máis información*

Ministerio del Interior

<http://www.mir.es/>

Tfno.: 900 150 000

ADMINISTRACION.ES

⇒ *A Administración electrónica*

O portal www.administracion.es é o punto de referencia de Administración electrónica da Administración central.

⇒ *Oficinas virtuais*

Neste portal atópanse dispoñibles as seguintes oficinas virtuais, que son os centros da Administración que nos permiten realizar operacións en liña: O Ministerio de Administracións Públicas, o “Portelo Único Empresarial Virtual”, o Ministerio de Economía e Facenda, a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Dirección Xeral do Catastro, o Ministerio de Fomento, Correos, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a Seguridade Social, etc.

⇒ *Servizos con certificado dixital*

- **Servizo de notificacións telemáticas seguras**
- **Actividade e contratación administrativa**
- **Ciencia, tecnoloxía e innovación**
 - **Trámite. Rexistro Telemático.** Permite realizar varios procedementos administrativos para os cales se precisa rexistro telemático.
- **Dereitos, liberdades e relacións civís**
 - Ministerio do Interior: Rexistro Telemático que permite realizar reclamacións previas á vía xudicial.
 - **Servizo de Certificación dos Rexistradores.**
 - **Reclamacións previas á vía xudicial civil. Antigo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía**
- **Economía e finanzas**
 - **Axencia Tributaria**, alféndegas, impostos especiais, certificacións, obtención de etiquetas, etc.
- **Educación**
 - **Bolsas**
- **Emprego e Seguridade Social**
 - **Servizos da Seguridade Social e mutuas.**

- **Correos: servizos en liña. Correo dixital.** Permite o envío de cartas e postais, a consulta e o pagamento de envío, **franqueo electrónico.**

⇒ *"Portelo único empresarial"*

O **"Portelo único empresarial"** ten por finalidade o apoio aos emprendedores na creación de novas actividades empresariais, mediante a prestación de servizos integrados de tramitación e asesoramento empresarial. É un programa de simplificación administrativa das condicións para a creación de empresas, impulsado conxuntamente por todas as administracións públicas.

⇒ *Máis información*

www.administracion.es – O portal do cidadán.

<http://www.administracion.es/>

"Ventanilla única empresarial"

<http://www.vue.es/>

A AXENCIA TRIBUTARIA – OFICINA VIRTUAL

⇒ *Presentación do proxecto*

A Axencia Tributaria é un dos mellores exemplos de aforro de custos e desprazamentos para unha empresa á hora de realizar as súas xestións dunha maneira telemática grazas á utilización da sinatura electrónica.

⇒ *Servizos sen certificado*

Existe unha serie de servizos que se poden realizar sen certificado, telematicamente; mais teremos que ter en conta que estes servizos son limitados, sen a liberdade e a seguridade que nos achega o uso da sinatura electrónica, como son:

- Estado de devolucións
- Solicitud de etiquetas

⇒ *Servizos con certificados*

Existen outros servizos que se poden realizar en posesión dun certificado,

- Presentación de declaracións da renda e patrimonio
- Presentación doutras declaracións e liquidacións
- Imposto de sociedades
- Pagamento de impostos
- Pagamento de débedas notificadas
- Constitución e devolución de depósitos
- Solicitud de aprazamento de débedas
- Impresión de etiquetas
- Recursos e reclamacións
- Obtención de certificacións tributarias electrónicas
- Obrigações tributarias
- Notificacións

⇒ *Máis información*

Axencia Tributaria AEAT
<http://www.agenciatriburia.es/>
Tfno.: 901 33 55 33

IGAPE - TRAMITACIÓN TELEMÁTICA

⇒ *Presentación*

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propio e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Ten como finalidade a promoción e o fomento do investimento produtivo en Galicia.

⇒ *A tramitación telemática*

Para o acceso a determinados servizos é necesaria a utilización dun certificado electrónico X509 v.3 expedido por unha entidade certificadora aceptada pola Consellería de Economía e Facenda.

⇒ *Servizos*

- **Comprobación de documentación expedida polo Igape.** Se vostede ten un documento en papel, sen validación por parte do Igape, e cun código "IDE", pode comprobar neste apartado a súa validez,

- **Cuestionarios de definición de proxecto** definidos na Resolución do 11 de marzo de 2005 na cal se dá a coñecer a nova regulamentación das bases reguladoras das axudas para os programas de apoio á continuidade e mellora competitiva da peme galega.
- **Cuestionarios de definición de proxecto** definidos na Resolución do 9 de maio de 2005 na que se fan públicas as bases reguladoras das axudas do Igape para a elaboración de diagnósticos empresariais. Necesita certificado electrónico **só no caso de que desexe presentalo telematicamente**.
- **Notificación telemática.** Se vostede elixiu que as notificacións do Igape lle sexan entregadas por vía telemática, debe comprobar con frecuencia este servizo.
- **Extranet de entidades colaboradoras.** A través deste enlace, as entidades colaboradoras do Igape (por exemplo, entidades financeiras) poden xestionar os seus expedientes en trámite.

⇒ *Máis información*

Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe)

<http://www.igape.es/>

Tfno.: 902 300 903

autor



Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacóns

agradecementos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Título: Guía práctica da sinatura electrónica e a súa aplicabilidade na empresa

EDITA: Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia
Depósito Legal: C-2844-2005



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

ig
instituto
tecnológico
de galicia